# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

**CENTRO:CMUS OURENSE**

**MATERIA:ORQUESTRA/BANDA**

**DEPARTAMENTO:CONXUNTO**

**DATA: 07/05/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. Avaliación e cualificación.
2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
3. Información e publicidade.

<table>
<tr><th colspan="2">1. Avaliación e cualificación</th></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación</td><td>Procedemento:<br><br>Revisión do traballo do alumno nas avaliaciones anteriores e revisión da tarefa realizada en casa durante a terceira avaliación se procede.</td></tr>
<tr><td>Instrumentos:<br><br>Libro de aula e rexistro das tarefas realizadas polo alumno durante a terceira avaliación.</td></tr>
<tr><td>Cualificación final</td><td>- Asistencia á clase, actitude fronte á materia e interpretación en público valoraranse ata un 40%. (Asistencia a clase e interpretación en público non son avaliables durante o período de confinamento)<br>- Os aspectos desde o punto de vista técnico valoraranse ata un 30%.<br>- Os aspectos desde o punto de vista musical valoraranse ata un 30%.<br>- A cualificación final se fará dacordo os resultados acadados polo alumno nas avaliacións anteriores. A valoración de calquera tarefa realizada na casa durante o período de confinamento só poderá revertir positivamente na cualificación final.</td></tr>
<tr><td>Proba extraordinaria de setembro</td><td>Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no “informe de avaliación negativa” elaborado no mes de xuño.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Avaliación de materia pendentes</td><td>Criterios de avaliación:<br><br>Dadas as limitacións para recuperar materia pendente no marco colectivo desta ensinanza, o profesor poderá requerir a recuperación da mesma a través dos diversos medios telemáticos existentes.</td></tr>
<tr><td>Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Audios, vídeos, skype, etc previamente acordados co alumno.</td></tr>
</table>

| 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Traballos de comprensión do repertorio, escoita e comparación de diferentes versións , proposta de novas partituras, etc. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | A metodoloxía contemplará neste caso os recursos tecnolóxicos disponíbles e características da agrupación para achegar propostas de traballo activas,progresivas,flexibles e motivadoras. |
| **Materiais e recursos** | Audios, vídeos, videoclases, videomontaxes, partituras, etc. |

| 3. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Correo electrónico, Centros net, teléfono, Whatsup, etc. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |